

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 2 DE XULLO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 2 de xullo de dous mil dezaeito ; as dez horas e trinta minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde D José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro , Don Javier Iglesias Sendín e Dona María López Touza

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte cinco de xuño de dous mil dezaeito (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non hai.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

-Escrito de D David Vales González , con rexistro de entrada no concello nº 3027 de 29 de xuño de 2018, no que indica que” presenteí memoria para solicitude de “ Agrupación de parcelas urbanas, situadas nas Rúas Yañez nº 10 e 12 e Mera Soto nº 11 e 13 de Ribadavia, con data de 14 de decembro de 2017 e número de entrada 5.901 , do cal recibín contestación por parte do Concello de Ribadavia manifestándome o acordo con dita solicitude.

Na mesma notificación se me indica que existe sobre as parcelas unha licencia de obras concedida pola Xunta de Goberno Local de 24 de abril de 2014 que é contraditoria có obxecto da miña solicitude polo que deberei renunciar previamente a esta licencia.

Por tanto, manifesto a través de este escrito a miña renuncia a dita licencia de obras.”

A xunta de goberno local acorda aceptar a renuncia presentada.

-Escrito de Aqualia, con rexistro de entrada no concello 2955 de 27 de xuño de 2018, sobre informe de actuacións a realizar na Avenida de Redondela.

-Escrito de dona Olga Regueiro Dieguez , en representación do Ribeiro FC, con rexistro de entrada de 29 de xuño de 2018, no que expón que “ dada a celebración do campus de fútbol Ribeiro entre as datas 2 e 7 de xullo, en horario de 9:00 a 14:00 no campo Sumi Cortes, Solicita: a súa utilización , así como un día de esa semana poder entrar na piscina municipal , en horario de 12:00 a 13:30 “

A xunta de goberno acorda acceder ao solicitado.

-Escrito de dona Verónica Araújo Meiriño , con rexistro de entrada de 29 de xuño de 2014, no que expón que” necesaria a autorización do pavillón Maquiáns para o seu uso na actividade Avia Verán 2018 realizada en colaboración coa Concellería de Benestar Social firmado en convenio. E solicita “ O permiso de uso do pavillón Maquiáns días soltos en horario de 9 a 14 (horario máximo)”

A xunta de goberno local acorda acceder ao solicitado.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Escrito da Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza comunicando consideracións sobre a entrada en vigor da Lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

-Escrito do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad comunicando a concesión dunha subvención no marco do capítulo de xuventude do Programa Erasmus.

-Escrito do INEGA comunicando a concesión dunha subvención para caldeira de biomasa na sede da Policía Local.

-Sentenza do Xulgado do contencioso administrativo nº2 de Ourense , procedemento abreviado 00095/2017, estimando reclamación de responsabilidade patrimonial contra o concello de Ribadavia, demandante Mapfre España Cia de Seguros e Reaseguros SA. A xunta de goberno local acusa recibo da sentenza e comunica que o órgano responsable do cumprimento é a Alcaldía.

-Sentenza nº 00245/2018 do Xulgado do Social de Ourense nº3 estimando a reclamación formulada por dona Rebeca Areda Taboada contra o concello de Ribadavia.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE MELLORA DE ACCESIBILIDADE AO PARQUE DOS XARDINCILLOS E BEIRARRÚAS DO SEU ENTORNO

Este proxecto lo cofinanciará el Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER).Esta adjudicación supone su aceptación a ser incluido en la lista pública que se recoge en el artículo 115.2 del Reglamento 8UE) 1303/2013 del Parlamento Europeo y del Consejo de 17 de diciembre.

Vista la propuesta de adjudicación formulada por el órgano de asistencia a favor de CONSTRUCCIONES LEMOS MARTÍNEZ SL.

Visto el artículo 159.6 de la Ley 9/2017 de Contratos del Sector Público.

En uso de las facultades legalmente reconocidas ,SE ACUERDA:

Adjudicar el contrato de “ Mellora de accesibilidade ao parque dos xardincillos e beirarrúas do seu entorno a Construcciones Lemos Martínez SL”

La formalización del contrato se efectuará con la firma de aceptación del contratista en base al artículo 159.6.g) de la LCSP.

MOTIVACIÓN DE LA ADJUDICACIÓN

a) Candidatos descartados

SERGONSA SERVICIOS SL

REDUCCIÓN DEL PLAZO DE EJECUCIÓN 6,5 PUNTOS 2ª OFERTA MÁS VENTAJOSA

AMPLIACIÓN DEL PLAZO DE GARANTÍA 0,7 2ª OFERTA MÁS VENTAJOSA

NÚMERO DE TRABAJADORES ADSCRITOS A LA EJECUCIÓN DEL CONTRATO. 3,3 2ª OFERTA MÁS VENTAJOSA.

BONO A LOS TRABAJADORES ADSCRITOS AL CONTRATO DE RETRIBUCIONES SALARIALES SUPERIORES A LAS ESTABLECIDAS EN EL CONVENIO COLECTIVO. 2 PUNTOS.

RESENTACIÓN DE UN PROGRAMA DETALLADO DE EJECUCIÓN DE LAS OBRAS CON UN CRONOGRAMA POR DÍAS DE LA EJECUCIÓN DE LAS MISMAS. 1 PUNTO.

TARRIO Y SUARÉZ SL

REDUCCIÓN DEL PLAZO DE EJECUCIÓN 0 PUNTOS

AMPLIACIÓN DEL PLAZO DE GARANTÍA 0 PUNTOS

NÚMERO DE TRABAJADORES ADSCRITOS A LA EJECUCIÓN DEL CONTRATO. 0 PUNTOS

ABONO A LOS TRABAJADORES ADSCRITOS AL CONTRATO DE RETRIBUCIONES SALARIALES SUPERIORES A LAS ESTABLECIDAS EN EL CONVENIO COLECTIVO. 0 PUNTOS.

ESENTACIÓN DE UN PROGRAMA DETALLADO DE EJECUCIÓN DE LAS OBRAS CON UN CRONOGRAMA POR DÍAS DE LA EJECUCIÓN DE LAS MISMAS. 0 PUNTO

Tefar SL

REDUCCIÓN DEL PLAZO DE EJECUCIÓN 5,7 PUNTOS 3ª OFERTA MÁS VENTAJOSA

AMPLIACIÓN DEL PLAZO DE GARANTÍA 0,1 PUNTOS 3ª OFERTA MÁS VENTAJOSA

NÚMERO DE TRABAJADORES ADSCRITOS A LA EJECUCIÓN DEL CONTRATO. 0 PUNTOS

ABONO A LOS TRABAJADORES ADSCRITOS AL CONTRATO DE RETRIBUCIONES SALARIALES SUPERIORES A LAS ESTABLECIDAS EN EL CONVENIO COLECTIVO. 0 PUNTOS.

PRESENTACIÓN DE UN PROGRAMA DETALLADO DE EJECUCIÓN DE LAS OBRAS CON UN CRONOGRAMA POR DÍAS DE LA EJECUCIÓN DE LAS MISMAS. 1 PUNTO

Rocas graníticas del condado SL

REDUCCIÓN DEL PLAZO DE EJECUCIÓN ,MES Y MEDIO DE PLAZO DE EJECUCIÓN.

AMPLIACIÓN DEL PLAZO DE GARANTÍA , 24 MESES.

NÚMERO DE TRABAJADORES ADSCRITOS A LA EJECUCIÓN DEL CONTRATO. CINCO

BONO A LOS TRABAJADORES ADSCRITOS AL CONTRATO DE RETRIBUCIONES SALARIALES SUPERIORES A LAS ESTABLECIDAS EN EL CONVENIO COLECTIVO. 2 PUNTOS.

RESENTACIÓN DE UN PROGRAMA DETALLADO DE EJECUCIÓN DE LAS OBRAS CON UN CRONOGRAMA POR DÍAS DE LA EJECUCIÓN DE LAS MISMAS. 1 PUNTO.

CONSTRUCCIONES Y ALMACENES MANUEL VISO E HIJOS SL

REDUCCIÓN DEL PLAZO DE EJECUCIÓN ,15 DÍAS DE REDUCCIÓN

AMPLIACIÓN DEL PLAZO DE GARANTÍA , NO OFERTA

NÚMERO DE TRABAJADORES ADSCRITOS A LA EJECUCIÓN DEL CONTRATO. NO OFERTA

BONO A LOS TRABAJADORES ADSCRITOS AL CONTRATO DE RETRIBUCIONES SALARIALES SUPERIORES A LAS ESTABLECIDAS EN EL CONVENIO COLECTIVO. 2 PUNTOS.

RESENTACIÓN DE UN PROGRAMA DETALLADO DE EJECUCIÓN DE LAS OBRAS CON UN CRONOGRAMA POR DÍAS DE LA EJECUCIÓN DE LAS MISMAS. 1 PUNTO.

b) Candidatos Excluidos.

Presentación de oferta fuera de plazo:

Edinor Myr SL

Construcciones Fechi SL

Firma electrónica incorrecta, no admitida por la Plataforma de Contratación Electrónica del Estado:

CONSTRUCCIONES VALE SL

c) ADJUDICATARIO: Construcciones Lemos Martínez SL

REDUCCIÓN DEL PLAZO DE EJECUCIÓN OFERTA MÁS VENTAJOSA, 3 SEMANAS

AMPLIACIÓN DEL PLAZO DE GARANTÍA OFERTA MÁS VENTAJOSA, 50 AÑOS MÁS

NÚMERO DE TRABAJADORES ADSCRITOS A LA EJECUCIÓN DEL CONTRATO. OFERTA MÁS VENTAJOSA, 12

BONO A LOS TRABAJADORES ADSCRITOS AL CONTRATO DE RETRIBUCIONES SALARIALES SUPERIORES A LAS ESTABLECIDAS EN EL CONVENIO COLECTIVO. 2 PUNTOS.

PRESENTACIÓN DE UN PROGRAMA DETALLADO DE EJECUCIÓN DE LAS OBRAS CON UN CRONOGRAMA POR DÍAS DE LA EJECUCIÓN DE LAS MISMAS. 1 PUNTO.

ADJUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A ADAPTACIÓN DO CONCELLO AO REGULAMENTO XERAL DE PROTECCIÓN DE DATOS.

O REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas física no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se

deroga a Directiva 95/46 / CE (en diante, o Regulamento Xeral de Protección de Datos). Entrou en vigor en maio de 2016 e será aplicable a partir do 25 de maio de 2018.

O Regulamento Xeral de Protección de Datos dispón que os responsables e encargados do tratamento deberán designar un Delegado de Protección de Datos, nos supostos que o propio Regulamento Xeral de Protección de Datos establece, así como noutros casos en que a lexislación dos Estados membros considere tamén obrigatorio.

Entre os supostos en que haberá de designarse un DELEGADO DE PROTECCION DE DATOS, atópase aquel no que "o tratamento o leve a cabo unha autoridade ou organismo público, agás os tribunais no exercicio da súa función xudicial," tanto en calidade responsable como en funcións de encargado de tratamento (artigo 37.1.a Regulamento xeral de protección de datos).

A este respecto, de conformidade co artigo 1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, que regula as bases do réxime local, que afirma que os municipios son as entidades básicas da organización territorial das canles estatais e inmediatas a participación dos cidadáns nos asuntos públicos, para institucionalizar e xestionar os propios intereses de forma independente das autoridades competentes, o Concello ten a autoridade ou consideración pública a efectos do Regulamento Xeral de Protección de Datos.

O Regulamento xeral de protección de datos regula, nos seus artigos 38 e 39, tanto a posición como as funcións do delegado de protección de datos. Esta normativa é válida tanto para responsables e xestores privados como para autoridades e organismos públicos. Deste xeito, o Regulamento Xeral de Protección de Datos establece que o Delegado de Protección de Datos pode ser unha persoa física ou xurídica, desenvolver a súa actividade a tempo completo ou a tempo parcial e tamén formar parte do persoal da persoa responsable ou do responsable do tratamento, ou realizar as súas funcións no marco dun contrato de servizo.

O Regulamento Xeral de Protección de Datos ofrece a posibilidade de contratar externamente as funcións de Delegado de Protección de Datos.

O Regulamento Xeral de Protección de Datos establece que ó Delegado de Protección de Datos será nomeado tendo en conta as súas calidades profesionais e, en particular, o seu coñecemento especializado da lei e prácticas en materia de protección de datos e a súa capacidade de exercer as súas funcións.

Ademais, o nomeamento dun Delegado de Protección de Datos permite configurar un medio para a resolución amizosa de reclamacións, en tanto que ó interesado poderá reproducir ante el a reclamación que non sexa atendida polo responsable ou encargado do tratamento, antes de acudir á autoridade de control.

De acordo co Regulamento xeral de protección de datos, o delegado de protección de datos terá, polo menos, as seguintes funcións:

- a) informar e asesorar á persoa responsable ou ao responsable do tratamento e aos empregados que se ocupen do tratamento das obrigacións que lles competen en virtude do Regulamento Xeral de Protección de Datos e doutras disposicións de protección de datos da Unión ou dos Estados membros;
- b) supervisar o cumprimento das disposicións do Regulamento xeral de protección de datos, outras disposicións de protección de datos da Unión ou os Estados membros e das políticas da persoa responsable ou o procesador de datos en relación coa protección de datos persoais , incluíndo a asignación de responsabilidades, sensibilización e formación do persoal implicado nas operacións de tratamento e auditorías correspondentes;
- c) ofrecer o consello solicitado sobre a avaliación de impacto en materia de protección de datos e supervisar a súa aplicación de conformidade co artigo 35 do Regulamento Xeral de Protección de Datos;
- d) cooperar coa autoridade de control;
- e) actuar como punto de contacto da autoridade de supervisión en materia de tratamento, incluída a consulta previa mencionada no artigo 36 do Regulamento xeral de protección de datos e consultar, se é o caso, sobre calquera outro asunto.

Considerando que, de conformidade co estipulado no art. 37.1.a Regulamento xeral de Protección de Datos, este Concello está obrigado a designar a figura dun responsable da protección de datos.

Tendo en conta que, dentro do persoal do Concello non existe ningún traballador que reúna as condicións ou calidades profesionais esixidas polo artigo 37.5 do Regulamento Xeral de Protección de Datos para exercer as funcións de Delegado de Protección de Datos.

Considerando que o Regulamento Xeral de Protección de Datos permite que o Delegado de Protección de Datos poida ser unha persoa física ou xurídica que desenvolva a súa actividade a tempo completo ou a tempo parcial, que poderá formar parte do persoal do responsable ou encargado do tratamento ou desempeñar as súas función nun marco dun contrato de servizos.

Considerando que é vontade do Goberno Municipal para cumprir coa obriga de nomeamento do Delegado de Protección de Datos dentro do Concello de Ribadavia a fin de garantir o respecto ao dereito fundamental á protección de datos persoais e as regras que desenvolve .

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector público:

-artigo 17 : Son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenrolo dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou dun subministro , incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo continuo.

-artigo 138.1:Se consideran contratos menores os de valor estimado inferior a 15.000 euros cando se trate de contratos de servizos ou de subministros.

-artigo 131.3:” Os contratos menores poderá adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación”

Por todo o anteriormente mencionado.

A xunta de goberno local acorda:

1. Designar como Delegado de Protección de Datos do Concello de Ribadavia á entidade LEGALFORMA, SERVICIOS DE CONSULTORÍA S.L., con CIF B32461683, representante legal Martin Tato Lorenzo NIF 44472250W, por un período dun ano a partir da data desta resolución.

2.- Establecer as seguintes funcións do delegado de protección de datos:

a) informar e asesorar á persoa responsable ou ao responsable do tratamento e aos empregados que se ocupen do tratamento das obrigacións que lles competen en virtude do Regulamento Xeral de Protección de Datos e doutras disposicións de protección de datos da Unión ou dos Estados membros;

b) supervisar o cumprimento das disposicións do Regulamento xeral de protección de datos, outras disposicións de protección de datos da Unión ou os Estados membros e das políticas da persoa responsable ou o procesador de datos en relación coa protección de datos persoais , incluíndo a asignación de responsabilidades, sensibilización e formación do persoal implicado nas operacións de tratamento e auditorías correspondentes;

c) ofrecer o consello solicitado sobre a avaliación de impacto en materia de protección de datos e supervisar a súa aplicación de conformidade co artigo 35 do Regulamento Xeral de Protección de Datos;

d) cooperar coa autoridade de control;

e) actuar como punto de contacto da autoridade de supervisión en materia de tratamento, incluída a consulta previa mencionada no artigo 36 do Regulamento xeral de protección de datos e consultar, se é o caso, sobre calquera outro asunto.

3.- Ó Delegado de Protección de Datos desempeñará as súas funcións prestando a devida atención aos riscos asociados ás operacións de tratamento, tendo en conta a natureza, o alcance, o contexto e os fins do tratamento.

4.- O Concello de Ribadavia garantirá que o Delegado de Protección de Datos participe de forma axeitada en un tempo oportuno sobre todas as cuestións relativas á protección dos datos persoais.

5.- O Concello de Ribadavia amparará ao Delegado de Protección de Datos no desempeño das funcións anteriores, proporcionando os recursos necesarios para o cumprimento destas obrigas e acceso a operacións e procesamento de datos persoais, e mantemento dos seu coñecementos especializados.

6. O Responsable e o encargado do tratamento garantirá que o Delegado de Protección de Datos non reciba ningunha instrución en relación ao desempeño destas funcións. Non será despedido ou sancionado polo responsable ou o encargado no desempeño das súas funcións. O delegado de protección de datos informará directamente ao nivel xerárquico máis alto da persoa responsable ou encargado.

7. Os interesados poderán poñerse en contacto co Delegado de Protección de Datos en relación a todas as cuestións relativas ao tratamento de datos persoais e do exercicio dos seus dereitos en virtude do Regulamento Xeral de Protección de Datos.

8. O Delegado da Protección de Datos debe manter o segredo ou confidencialidade en relación ao desempeño das súas funcións, de acordo coas normas vixentes.

9. O Delegado da Protección de Datos poderá realizar outras funcións e tarefas. O responsable ou o encargado do tratamento garantirá que tales funcións e cometidos non dan lugar a conflito de intereses.

10 Aprobar o gasto polo importe de 2.200 euros, IVE engadido.

Adquisición de material para o departamento de Servizos Sociais.

Aprobar o orzamento presentado por Lyreco España SA por importe IVE engadido de 1.104,90 euros para a adquisición de tres armarios e unha estantería para o departamento de Servizos Sociais.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.



E sendo as dez horas e corenta e cinco minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO